



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

# RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

## Asunto: XIV CERTAME DE POESÍA ANTÓN ZAPATA

Expte. Admvo. Núm. 2020/X998/000232

Expte. Decreto Núm. 2020/G003/000424

### ANTECEDENTES:

Coa intención de continuar promovendo e difundindo a vertente cultural poética e especialmente, a figura do poeta local Antón Zapata García, O DEPARTAMENTO DE CULTURA deste concello propón a DÉCIMA CUARTA EDICIÓN DESTE CERTAME DE POESÍA, con arranxo ás seguintes

#### " BASES REGULADORAS

**1.- Poderá participar no certame calquera persoa** que así o desexe, **PRESENTANDO ó certame UN OU DOUS POEMAS** aos que en todo caso, **DEBERÁSSELLES DAR UN TÍTULO**. Deben presentarse **EN FORMATO PAPEL A4, escrito/s a man ou empregando algún soporte dixital para a súa realización**.

As **CATEGORÍAS nas que se pode participar**, estruturadas en función da idade das e dos posibles autoras e autores, **son as seguintes:**

1. **CATEGORÍA INFANTIL: ata os 11 anos**
2. **CATEGORÍA XUVENIL: dos 12 ós 25 anos**
3. **CATEGORÍA ADULTA: a partir dos 26 anos.**

**2.- A TEMÁTICA, EXTENSIÓN e IDIOMA** do/s poema/s, **son** totalmente **libres**, cun **máximo de 50 versos que poderán escribirse tanto en lingua galega como en castelá**. En todo caso deben ser **ORIXINAIS**. No caso de que se demostrase que o poema é un plaxio, o Concello de Laxe poderá facelo público e retirar o premio outorgado, incluso con posterioridade ó certame.

Deben ir **ASINADOS CUN PSEUDÓNIMO ou nome ficticio** que será elixido polo autor/a.

**3.- A DATA LÍMITE de entrega** de poemas será o **MÉRCORES 19 DE AGOSTO ás 13.00 horas**. Non se admitirán ao concurso os poemas recibidos fóra desta data, coa excepción de aqueles que cheguen por correo postal, sempre e cando, no sobre de envío, figure a data na que se entregou nas oficinas de correos, e esta sexa anterior ó xa mencionado 19 agosto.

**4.- ENTREGA DE POEMAS.** Remítanse, **preferentemente, por correo postal** ó Departamento de Cultura do Concello de Laxe, co fin de garantir o anonimato do/a autor/a: Departamento de Cultura do Concello de Laxe. Avda. Cesáreo Pondal, nº26, 15117, Laxe.

**En caso de remitilos por correo postal**, deberá comunicarse obrigatoriamente este envío ao email **cultura@concellodelaxe.com**.

**5.- REQUISITOS DO ENVÍO** para ser admitidos:

- O/s poema/s enviaranse en **sobre tamaño folio no que deberá indicarse:**
  - **No espazo reservado ó remitente**, indicarse en letras maiúsculas **"XIV CERTAME DE POESÍA ANTÓN ZAPATA"** e a **categoría á que se presenta (infantil, xuvenil ou adulta)**. Por último deberá escribirse o **pseudónimo ou "falso nome"** elixido polo autor ou autora, **non debendo aparecer en ningún caso o nome real do/a escritor/a**.



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

- Xunto co poema **enviarase outro sobre de menor tamaño no que se deberán introducir**, escritos en papel, **os seguintes datos persoais completos do autor ou autora**: *nome e apelidos, data de nacemento, enderezo postal e teléfono de contacto*. **No exterior deste sobre pequeno, escribirase o pseudónimo e o título do poema ou poemas que se envíen.**

**6.- DO XURADO, GAÑADORES/AS E PREMIOS.** O xurado que se constitúa para esta edición, formado como mínimo por 3 persoas traballadoras do Concello de Laxe vinculadas ó Departamento de Cultura, elixirán un único poema gañador por cada unha das categorías.

**A cada unha das persoas gañadoras, ademais de outorgarlles un DIPLOMA E AGASALLO INSTITUCIONAL** que acredite a súa condición de gañador/a, **FARÁLLES ENTREGA DUN LOTE DE LIBROS**, elixidos especificamente para o/a gañador/a.

### 7.- DATOS PERSOAIS E DEREITOS DE IMAXE

Os datos persoais das persoas participantes serán empregados, unicamente, coa finalidade de xestionar e executar este concurso. O/s nome/s e apelidos da/s persoa/s gañadora/s, así como a fotografía da persoa no momento da recollida e entrega do premio do concurso, faranse públicos para o seu xeral coñecemento tanto ós medios de comunicación locais como a través dos medios de comunicación social dependentes do Concello de Laxe.

Consonte ao disposto na Lei e o Regulamento xeral de protección de datos 679/2016 DOUE, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Laxe relacionados con este certame, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada coa súa participación no certame. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

**8.- A RESOLUCIÓN DO XURADO** será secreta e dela extenderase a acta correspondente. A decisión do xurado **farase pública o sábado 29 de agosto durante a celebración do XIV Solpor Poético na Praia dos Cristais** de Laxe a partir das 20.00 horas.

**9.- O fallo do xurado** é inapelable, e, en todo momento, prevalecerá o seu criterio sobre calquera outro. Sempre e cando os poemas presentados non reúnan un mínimo de estándares de calidade, non se remitan dentro de prazo establecido, ou non respeten os requisitos de presentación sinalados, o xurado poderá declarar deserto o premio en calquera das categorías.

**10.- As obras que se presenten ó certame, pasarán a formar parte do arquivo literario do Concello de Laxe e enriquecerán o patrimonio cultural municipal.** Este concello resérvase o dereito de exposición, reprodución e publicación de ditas obras sin que medie ánimo de lucro e sen que poidan ser obxecto de compravenda. En ningún caso serán esixibles dereitos de autor por parte do escritor ou escritora da obra.

**11.- A participación no certame implica a total aceptación das bases."**

Na súa virtude, esta alcaldía,

### RESOLVE:

Primeiro e único: Aprobar a proposta do Departamento de Cultura para a celebración do XIV Certame de Poesía Antón Zapata.

Mándao e asínao, en Laxe o alcalde, do que eu secretaria dou fe.

O alcalde  
José Luis Pérez Añón

A secretaria-interventora  
Begoña Carrasco García